



ASOCIACIÓN GALEGA DE AMIZADE CON ISRAEL

אגודה גלגית לידידות עם ישראל - אגודא גלגית לידידות מן ישראל

MANIFESTO FUNDACIONAL DA ASOCIACIÓN GALEGA DE AMIZADE CON ISRAEL (A.G.A.I.)

A **Asociación Galega de Amizade con Israel (AGAI)**, cuxa acta fundacional asinamos libremente hoxe en Compostela, máis de medio cento de galegas e galegos, nace co obxectivo de se converter nun altofalante nas consciencias dos nosos concidadáns para que teñan a valentía de seren críticos co pensamento único e se atrevan a coñecer a parte da verdade que cada día se nos agocha con infamia, ignorancia ou incluso covardía.

E para evitar que os “posuidores da verdade absoluta” caian unha vez máis na fácil tentación da descualificación, aplicándonos a súa intolerancia e a súa intransigencia, queremos manifestar e deixar nimiramente claro diante da opinión pública que os hoxe fundadores de **A.G.A.I.** somos unha representación equilibrada da sociedade galega actual. Somos pois, de procedencia plural, desde o BNG, ao PSdG-PSOE ou PPdG, ata persoas sen adscrición partidaria mais todas e todos unidas pola firme convicción crítica da necesidade de ofrecer alternativas perante unha situación que en gran medida chega ao esperpento disfrazado de información..

En primeiro lugar, este colectivo de voluntarios convocado a Compostela polo sistema do “boca a boca” ten obxectivamente constatado que a meirande parte dos medios de comunicación europeos ofrecen aos seus lectores, ouvintes ou televidentes unha visión sesgada, maniquea e deformada do dramático conflito do Próximo Oriente. Conflito cheo de matices e sen dúbida complexo e que é abordado as máis das veces cun simplismo que pecha a posibilidade de comprender de verdade o porque e as causas da non resolución hoxe xa no terceiro milenio, deste conflito herdado do máis fondo do século XX.

Precisamente ise maniqueísmo que desculpa cando non directamente xustifica aos terroristas que asasinan a cativos, mulleres e civís xudeos en discotecas, colexios, centros comerciais ou buses mentres sataniza calquera resposta, forzosamente asimétrica do exército israelí, fai que a gran maioría da sociedade galega teña unha errada e deformada opinión formada sobre o conflito, opinión que sen dúbida mudaría se tivera tempo de desintoxicarse do bombardeo informativo parcial e desde logo non obxectivo que padecemos. Un bombardeo que nin de lonxe se lle dedica a outros conflitos actuais nos que morren centos de milleiros de inocentes que non teñen a “sorte” de enfrontarse ao “perverso sionismo”.

Neste sentido, **A.G.A.I.** quere denunciar a dupla moral da linguaxe dos “formadores de opinión” nos que, con razón, se tilda de terroristas aos etarras e, pola contra, se eleva á categoría de milicianos, loitadores pola liberdade, mártires, insurxentes ou resistentes aos terroristas palestinos que preferibelmente atentan contra civís.

Nós, os membros da **Asociación Galega de Amizade con Israel** podemos ser críticos —e moitos o somos— co Goberno daquel país, como somos críticos co noso propio goberno. De feito, o mal do acriticismo do que fai gala o pensamento único imperante nunca será a nosa eiva. Podemos mesmo denunciar os abusos que Israel poida cometer, abusos que, en xustiza, nunca se achegaron nin de lonxe, ás tropelías cometidas en/polo estado español ou Francia (por poñer só dous exemplos) nos últimos 60 anos, os mesmos que Israel leva pelexando pola súa supervivencia en constante e inclemente asedio. Unha supervivencia que ben se pode resumir nunha frase: O día en que os terroristas palestinos deixen as armas se acabará o conflito; o día en que os israelíes deixen as armas, se acabará Israel.

De modo que podemos ser críticos co goberno de Israel mais debémolo ser de xeito nidio con aqueles que durante seis décadas só lle deron bombas aos mozos e mozas do seu pobo, e un sistema educativo que fai da inculcación do odio aos xudeus o seu obxectivo último.

Somos especialmente críticos coa esquerda do noso país —a ideoloxía cando menos da metade dos nosos asociados— porque non é capaz de liberarse do pensamento único, do papanatismo antiamericano consistente en considerar amigos e “camaradas no antiimperialismo” a sátrapas, tiranos, teócratas e toda sorte de fascistas totalitarios, só porque son enemigos dos Estados Unidos. Unha esquerda de salón que, mentres tanto, deixa de lado e criminaliza sempre e en todo lugar a Israel, o único estado democrático do Oriente Próximo e Medio, rodeado de centos de millóns de veciños que teñen o obxectivo declarado da súa eliminación física, Israel que sofre día a día o lanzamento de foguetes Kasam contra a súa poboación civil, aspecto este último que forzosamente levanos a formular unha pregunta en voz alta: ¿Que país europeo dos que esixen contención a Israel, estaría disposto a permitir tales agresións a un veciño nin sequera dous días seguidos, canto menos durante meses e anos de agresión permanente?

Dende **A.G.A.I.** temos constatado, ademáis, que o antisemitismo, ou por mellor dicir, a xudeofobia está a rexurdir novamente, só que agora faino baixo o disfrace do antisionismo. Por certo un nacionalismo, o sionismo, tan lexítimo coma o nacionalismo galego, o vasco ou o catalán, coa única diferenza de ter acadado o seu obxectivo dun estado propio para a nación xudea.

Somos críticos, en fin, cos que demonizan e criminalizan por defecto a Israel e aos xudeos fagan o que fagan, se defendan ou ataquen. En definitiva, para unha parte da sociedade —e non só falamos dos neonazis senón tamén de moitos esquerdistas de “todo a cen”— os xudeos son os malos porque son “ricos” ou porque son uns “piollosos mortos de fame”; son malos porque son poderosos, e imperialistas, e dominan o mundo e, por suposto Hollywood, ou porque son indixentes con barbas e aladares; son malos cando se integran porque buscan a usura sobre os demais, e cando non se integran porque son isolacionistas e endógamos; son malos porque son unha raza inferior deicida e réproba de Deus ou porque son un pobo que produce máis premios Nobel que todos os países islámicos xuntos; son malos, en fin, cando non se defenden, e por iso tiñan ben merecido a Shoá, e son malos agora cando se defenden para que non ser novamente obxectivo de xenocidas confesos

E mentres tanto, gran parte da nosa esquerda é penosamente condescendente e mira cara outro lado cando se trata das matanzas de Sudán, de Ruanda, de Alxeria, de Kurdistan, do Tibet, etc.... porque pensan que o único pobo do mundo que está oprimido é o pobo palestino! Nada ou pouco lles importan os kurdos, os tamiles, os chechenos, os saharauis, os tibetanos... Estes desgrazados non teñen aliados que chantaxeen á vella Europa coa arma irrefutábel do petróleo. A nivel mediático, centos de miles destes desgrazados non valen o equivalente á vida dun palestino. A nivel mediático e de opinión pública, non ten ningún valor que foran os propios países árabes, irmáns dos palestinos, os que asasinaran case oito veces máis palestinos que os falecidos nos enfrontamentos (e nos seus propios suicidios) cos israelíes. E isto é simplemente unha violación de toda ética e de toda moral.

Que calquera incidente ou matanza en Palestina produza en Internet unha enorme chuvia de milleiros de artigos en inglés e tamén en español, mentres que, por poñer un exemplo, o recente asasinato de 150 sudaneses só orixinara na Rede 9 noticias en español, por non falar de que as mortes de israelíes non teñen apenas cabida nos medios, **PARECENOS INMORAL.**

Criticar a Israel aproveitando de que se trata dun estado democrático no que ate os seus inimigos declarados poden pedir a súa destrución dende a tribuna do Parlamento, e non facelo cos países islamistas precisamente porque non son democráticos e convén estar a ben con eles, **PARECENOS INMORAL.**

Que en Palestina só haxa cámaras de TV para filmar as lamentábeis baixas reais de civís e tamén as vergoñentas mortes ficticias, e que as imaxes das traxedias israelíes tralos atentados terroristas sexan ignoradas polas cadeas televisivas europeas **PARECENOS INMORAL..**

Que mentres Israel lamenta, condena e investiga as mortes de civís por erros ou excesos do seu exército, os palestinos celebren con algaradas, bailes e certa salvaxe ledicia o asasinato de inocentes a mans dun terrorista suicida **PARECENOS INMORAL.**

Que os terroristas palestinos obriguen, dende o comezo da segunda intifada, a mulleres e cativos a faceren de escudos humanos –violando hai que dicilo a Convención de Xenebra– e disparen agochados tras dos escudos humanos aos militares israelíes para así conseguir novos mártires da causa, **PARECENOS UNHA INMORALIDADE.**

Que 38 millóns de refuxiados de todo o mundo toparan acougo e deixaran de selo, mentres que os inicialmente 700.000 refuxiados palestinos non foran absorbidos polos seus irmáns, os mesmos que foron responsabeis da súa situación ao non acatar a Resolución 181 de NN.UU que creaba os Estados árabe e xudeu, simplemente para manter o vitimismo perante do mundo e seguir dependendo dos fondos económicos dun ACNUR creado especificamente para eles (UNRWA) e para perpetuar o seu problema, **PARECENOS INMORAL.** Sobre todo se o comparamos co feito de que os 600.000 xudeos expulsados en 1948 dos estados árabes nos que vivían, foron rápidamente acomodados no pequeno e nacente estado de Israel.

DIANTE do silencio e da miopía do mundo perante o sufrimento dos israelíes xudeos e non xudeos.

DIANTE do silencio do mundo perante as masacres pasadas, presentes e futuras de árabes e musulmáns a mans de árabes e musulmáns, para só querer ver a crítica das mortes que Israel lles poida causar.

DIANTE do ascenso do fundamentalismo islámico negador das liberdades civís e democráticas fundamentais, represor das minorías e violador dos dereitos humanos, tanto en Palestina como nos estados teocráticos e islamofascistas do seu contorno.

DIANTE de actitude acomodaticia, relativista e morna da nosa sociedade fronte ao perigo que ao noso xuízo, empeza a correr a civilización occidental.

A **Asociación Galega de Amizade con Israel** MANIFESTA que tentará contribuir a contrarrestar na medida das nosas posibilidades tan graves secuelas poñendo todos os seus medios na procura dos seguintes obxectivos:

Tendo en conta que o pobo de Israel ten lexítimo dereito a un Estado Nacional, seguro e recoñecido internacionalmente e tendo moi presente que a creación do Estado de Israel foi unha obriga moral do mundo libre, especialmente tras o exterminio de seis millóns de xudeos polos nazis, serán fins principais da nosa asociación:

- 1) Denunciar e traballar contra a perversa banalización do Holocausto
- 2) Achegar á sociedade galega información alternativa ao empobrecedor “pensamento” único que domina os medios de comunicación ao respecto do conflito árabe-israelí
- 3) Crear foros de reflexión, opinión e debate, tanto nos circuitos culturais galegos como na rede de internet para tentar neutralizar e contrarrestar a constante e inxustificábel demonización de Israel e combater argumentalmente a xudeofobia reinante
- 4) Animar a todos e todas os demócratas con ideas semellantes ás defendidas por esta Asociación para que fagan pública á súa militancia a prol da lexítima causa de Israel, porque ese sempre foi o seu dereito e na actualidade comeza a ser o seu deber.
- 5) Espallar o inmenso legado ético e cultural do pobo xudeo polo que todo Occidente segue en débeda con eles
- 6) Rehabilitar e recuperar a pegada histórica do pobo xudeo no noso país para que ocupe o lugar que lle corresponde na nosa historia e na sociedade galega actual

Para levar a cabo o cumprimento dos seus fins, a asociación poderá organizar as seguintes actividades:

- a - Promover actuacións sostidas no tempo para velar pola veracidade e a imparcialidade das informacións nos medios de comunicación relativas a Israel como pobo e como Estado.

b - Organizar, coordinar e realizar actividades formativas e informativas, tales como cursos, seminarios, conferencias, xornadas e traballos de investigación que fomenten a percepción positiva de Israel como Estado e como pobo.

c - Celebrar actos de confraternización co gallo de eventos culturais, sociais ou deportivos que fomenten o achegamento entre Galicia e Israel.

d- Establecer relacións de colaboración con outras asociacións de corte semellante á nosa.

e - Fomentar a sensibilización e solidariedade do pobo galego no que atinxe á lacra terrorista que padece Israel .

f.- Todas as iniciativas que, neste sentido, sexan aprobadas polos órganos competentes da Asociación.

En Compostela, a 1 de decembro do ano 2006

